



NOTA DE PRENSA

A GASTRONOMIA LÍQUIDA VOLVE A SER PROTAGONISTA DE GALICIA FÓRUM GASTRONÓMICO

Celebrase a segunda edición da Batalla de Sumilleres que tanto éxito tivo a pasada edición e cuxo prazo de inscrición abrirase a próxima semana

O espazo Wine Circus dará cabida unha vez máis ao mercado do viño e realizaranse catas, relatorios e diálogos

21 de febreiro 2024. A gastronomía líquida será novamente a protagonista de Galicia Fórum Gastronómico, onde se darán cita prestixiosos profesionais do sector. Durante tres días programaranse numerosas actividades como as "Wine Talks", "Vinomios", a Batalla de Sumilleres, que celebra a súa segunda edición, ou as propias do Cocktail Bar Forum.

O Wine Circus, coorganizado xunto co Instituto Galego do Viño, reunirá toda a cadea de valor do sector vitivinícola en Galicia, sempre desde unha perspectiva sumamente actualizada, poñendo o foco nas tendencias e vangardas. Acolleirá, así mesmo, a un seleccionado grupo de pequenos produtores que reflicten o espírito do viño en Galicia. Ademais, dispoñerá dunha aula reservada á formación, ao debate e a reflexión onde algúns dos profesionais máis relevantes compartirán as súas ideas e proxectos co público asistente.

Wine Talks

Tras o éxito da pasada edición, estas charlas con duración de 15 minutos sobre temas de actualidade no mundo do viño, estarán protagonizadas durante as xornadas do domingo e o luns polos mellores *sumilleres*.

Vinomios

Unha edición máis volverán estar en programa estas sesións protagonizadas por expertos vinícolas que dialogarán sobre distintos temas mentres catan un viño. Así, durante dous días, xornalistas e prescritores do sector conversarán cos responsables de sumillería dalgúns restaurantes.

Mercado do Viño

O Wine Circus terá unha vez máis un "mercado do viño" no que se darán cita os máis destacados viticultores galegos, que darán a coñecer as súas últimas novidades a profesionais do sector.

Vuelve la
#gastro
explosión!



Batalla de Sumilleres.

A segunda edición do concurso de cata por parellas, que tan boa acollida tivo na anterior edición de Galicia Fórum Gastronómico, terá lugar durante o domingo 7 e o luns 8 de abril. Realizaranse 3 fases clasificatorias en diferentes horas onde poderán participar 16 parellas, que catarán 5 viños a cegas de calquera rexión vinícola do mundo, e de cada unha desas 3 fases sairán as 5 parellas que se disputarán a Batalla Final.

O primeiro premio será de 1000€, o segundo de 300€ e o terceiro de 100€. Os gañadores daranse a coñecer en directo o luns ás 19.00 horas no Auditorio.

A cota por parella é de 60€. As inscricións abriranse a próxima semana.

Cocktail Bar Fórum

É a marca baixo a cal se desenvolverán durante os tres días de celebración do evento todas as actividades relacionadas coa coctelería e que agrupa a aquelas empresas de destilados e bebidas que se expoñen no espazo que leva o mesmo nome. Nel levará a cabo tamén un programa de actividades específico, organizado por Shake The Kitchen, que protagonizarán grandes cocteleros e especialistas en mixología.

Galicia Fórum Gastronómico terá lugar os días 7, 8 e 9 de abril en Expocoruña

www.galiciaforumgastronomico.com

Para máis información:

Nati Palomo 660 59 31 22

nati.palomo@galiciaforumgastronomico.com

Ana Iglesias 609272346

ana.iglesias@galiciaforumgastronomico.com